

## MODIFICACION ESTATUTOS CONSORCIOS ARTIGO 143 e 151 DA LALGA.

MANCOMUNIDADE:

De ser por incorporación dun novo municipio: *“Toda incorporación ou separación de membros dunha mancomunidade levará consigo, necesariamente, a modificación dos seus estatutos.”*( artigo 143.2 Lei 5/97)

### Procedemento de modificación.

a) A iniciativa corresponderalle o Pleno da mancomunidade, por maioría simple agás previsión expresa dos estatutos de superior maioría:

- de oficio.
- a instancia dos concellos que a constitúen.

b) Adoptado o acordo someterase a información pública polo prazo dun mes ( non se especifica na LALGA pero analoxicamente á constitución sería DOG ou alomenos BOPs e taboleiro de anuncios) e, simultaneamente, remitíraselle/s para a emisión de informe no mesmo prazo:

- deputación ou deputacións provinciais respectivas.
- á consellería competente en materia de réxime local.

c) Unha vez que rematou o prazo de exposición pública e tras recibir os informes aos que se refire o apartado anterior ou logo de transcorrer o prazo dun mes sen que fosen emitidos, someterase o acordo de modificación dos estatutos ou de disolución da mancomunidade aos plenos dos concellos mancomunados.

A adopción do devandito acordo, que resolverá tamén as alegacións, no caso de que estas fosen presentadas, requirirá o voto favorábel da maioría absoluta do número legal de membros de cada unha das corporacións.

d) Tras aprobar os acordos de modificación dos estatutos da mancomunidade ou de disolución desta pola maioría dos concellos mancomunados, o presidente da mancomunidade remitiralle unha copia certificada deles á consellería competente en materia de réxime local, para a súa publicación íntegra no Diario Oficial de Galicia, e comunicarallos á Administración Central do Estado para os efectos establecidos pola lexislación básica de réxime local.

**Pola “maioría dos concellos mancomunados”, entra en contradición co apartado c) do artigo 143 da LALGA., e cos artigos 47.2.g) da LBRL que esixen a aprobación por maioría absoluta da modificación dos estatutos, o artigo 44.3.c) da mesma lei que esixe que todos os plenos dos concellos aproben os estatutos e 35.3 do TRRL.**

**En todo caso, hai que partir que sendo a norma que regula a organización e funcionamento da entidade local asociativa, deba ser respaldada por todos os integrantes, sen prexuízo da posible separación posterior a súa vontade do desconforme. Cabe atender senón a se se trata dunha modificación integral ou de aspectos esenciais que de figurar no texto orixinal poderían supor que non fose aceptado por algún dos concellos integrantes.**